



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### ACTA NÚM. 1 DA SESIÓN DA MESA CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO ARMONIZADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPIEZA DE EDIFICIOS MUNICIPALES VARIOS PARA O CONCELLO DE CAMARIÑAS.

EXPTE.: 2022/C004/000002

LUGAR: Casa do Concello, Camariñas

DATA: 10/08/2023

En Camariñas, sendo ás 10:10 horas do día 10 de agosto de dous mil vinte e tres, na Casa do concello, constitúese Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado polo Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 24 de maio de 2023, estando presentes os seguintes membros:

#### Presidente:

D. Sergio Caamaño Fernández, concelleiro delegado de Urbanismo, Medio Ambiente, Emprego e Administración Xeral.

#### Vogais:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Rey Bértola, Secretaria acctal. da Corporación.

D<sup>a</sup> María Emilia García Maneiro, Interventora da Corporación.

#### Secretario:

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativo adscrito á Secretaría.

É obxecto da reunión, acto non público, de conformidade coa orde do día da convocatoria, a apertura e cualificación do sobre ou arquivo electrónico A, subtitulado "Documentación administrativa" presentado polos licitadores que optan á contratación mediante procedemento aberto harmonizado, tramitación ordinaria, dous lotes, do **"SERVIZO LIMPIEZA DE EDIFICIOS MUNICIPALES VARIOS PARA O CONCELLO DE CAMARIÑAS"**, así como a adopción dos acordos que procedan.

Dada a presenza da presidenta como do secretario da mesa, así como das dúas vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede de conformidade co seguinte:

#### ORDE DO DÍA:

#### 1º.- ACTO DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO A "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA".

En primeiro lugar o Secretario da Mesa informa que, segundo se constata na Plataforma de Contratos del Sector Público, as empresas que se presentaron a licitación dentro do prazo de presentación de ofertas son as seguintes:

NÚM.	LICITADORES	NÚM. IDENTIFIC.	DATA E HORA PRESENT. OFERTA
1	ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ	76366448P	18-07-2023 15:09
2	CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	B33687765	18-07-2023 14:27
3	MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U.	B70380019	18-07-2023 13:36
4	RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA S.L.	B70545967	18-07-2023 13:55

Seguidamente realízase o descifrado e apertura dos sobres ou arquivos electrónicos A presentados a través da PLCSP polas empresas licitadoras dentro do prazo de presentación de ofertas, procedéndose á descarga da documentación presentada.

Acto seguido, accédese na plataforma ás pestanas, "validación", "datos xerais" e "contido" e se realizan as oportunas comprobacións/valoración destas pestanas e da documentación administrativa previamente descargada. Así mesmo se procede a



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

comprobar si as empresas que presentaron oferta figuran inscritas no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público (ROLECSP) e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia co seguinte resultado:

- ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ (NIF 76366448P), non figura inscrito en ningún dos dous rexistros anteriormente mencionados.
- CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L. (CIF B33687765), figura inscrito no ROLECSP.
- MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U. (CIF B70380019), figura inscrito no ROLECSP e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA S.L. (CIF B70545967), figura inscrito no ROLECSP e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así pois, realizadas as oportunas comprobacións destas pestanas e da documentación administrativa presentada no apartado de "contido" da PLCSP, da comprobación da inscrición das empresas no ROLECSP e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como da comprobación a través do programa TEDEC de que as empresas están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, resulta:

### 1. ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ (NIF 76366448P):

A oferta foi presentada o día 18/07/2023, dentro do prazo de presentación de ofertas.

Presenta a seguinte documentación:

- Declaración responsable (DEUC)
- Declaración responsable segundo modelo Anexo V
- Autorización do licitador

De conformidade co establecido no art. 140.3 da LCSP, ao existir dúbidas razoables respecto o cumprimento das obrigas tributarias a data de finalización da presentación de ofertas, xa que tras a consulta a través de Tedec resulta que ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ figura que non está ao corrente de pago de débedas tributarias, polo que deberá presentar a documentación xustificativa que acredite que a data de finalización de presentación de ofertas (18/07/2023) estaba ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias do Estado, polo que a Mesa declara a esta empresa admitida provisionalmente.

### 2. CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L. (CIF B33687765):

A oferta foi presentada o día 18/07/2023, dentro do prazo de presentación de ofertas.

Presenta a seguinte documentación:

- Declaración responsable (DEUC)
- Declaración responsable segundo modelo Anexo V
- Autorización do licitador

A mesa de contratación considera que da documentación presentada se presume a aptitude para contratar, que en todo caso deberá acreditar, de ser requirido, no seo da tramitación do expediente; polo que a Mesa declara admitida a esta empresa.

### 3. MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U. (CIF B70380019):

A oferta foi presentada o día 18/07/2023, dentro do prazo de presentación de ofertas.

Presenta a seguinte documentación:

- Declaración responsable (DEUC)
- Declaración responsable segundo modelo Anexo V
- Autorización do licitador



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

De conformidade co establecido no art. 140.3 da LCSP, ao existir dúbidas razoables respecto ao representante legal da empresa a data de finalización da presentación de ofertas, xa que a declaración responsable Anexo V está asinada por D<sup>a</sup> Sandra Caamaño Gómez en representación da empresa, mentres que consultado o ROLECSP e o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia figuran como representantes e administradores únicos D. Ramón Pombo Castro e D. Adolfo López Baña respectivamente, polo que deberá presentar a documentación xustificativa que acredite que D<sup>a</sup> Sandra Caamaño Gómez era a representante legal da empresa a data de finalización da presentación de ofertas, polo que a Mesa declara a esta empresa admitida provisionalmente.

#### 4. RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA S.L. (CIF B70545967):

A oferta foi presentada o día 18/07/2023, dentro do prazo de presentación de ofertas.

Presenta a seguinte documentación:

- Declaración responsable (DEUC)
- Declaración responsable segundo modelo Anexo V
- Autorización do licitador

A mesa de contratación considera que da documentación presentada se presume a aptitude para contratar, que en todo caso deberá acreditar, de ser requirido, no seo da tramitación do expediente; polo que a Mesa declara admitida a esta empresa.

Así á vista do anteriormente exposto a mesa de contratación procede a realizar as seguintes actuacións:

### 1. SOLICITUDE DE SUBSANACIÓN.

#### 1.1) SOLICITUDE DE SUBSANACIÓN ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ.

Visto que unha vez consultado o ROLECSP e o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como da comprobación a través do programa TEDEC de que as empresas están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, se comproba que en relación a ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ, existen dúbidas razoables respecto ao cumprimento das obrigas tributarias do Estado a data de finalización da presentación das ofertas.

Vista a citada deficiencia a mesa de contratación en desempeño das súas funcións e de conformidade co establecido no art. 140.3 da LCSP, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, ACORDA:

**Único:** Requirit a ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ para que no **prazo de 3 días hábiles**, a contar desde o envío da correspondente comunicación, presente por medios electrónicos e con sinatura electrónica, a documentación xustificativa que acredite que a data de finalización de presentación de ofertas (18/07/2023) estaba ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias do Estado.

#### 1.2) SOLICITUDE DE SUBSANACIÓN A MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U.

Visto que unha vez consultado o ROLECSP e o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, se comproba que en relación coa empresa MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U., existen dúbidas razoables respecto ao representante legal da empresa a data de finalización da presentación das ofertas, xa que a declaración responsable Anexo V está asinada por D<sup>a</sup> Sandra Caamaño Gómez en representación da empresa, mentres que no ROLECSP e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia figuran como representantes e administradores únicos D. Ramón Pombo Castro e D. Adolfo López Baña respectivamente.

Vista a citada deficiencia a mesa de contratación en desempeño das súas funcións e de conformidade co establecido no art. 140.3 da LCSP, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, ACORDA:



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**Único:** Requerir a MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U., para que no **prazo de 3 días hábiles**, a contar desde o envío da correspondente comunicación, presente por medios electrónicos e con sinatura electrónica, a documentación xustificativa que acredite que a data de finalización de presentación de ofertas (18/07/2023) D<sup>a</sup> Sandra Caamaño Gómez era a representante legal da empresa.

### 2. ADMISIÓN LICITADORES.

Vistas, pois, as actuacións previamente realizadas (vid. supra) a mesa de contratación por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, ACORDA:

**Único:** Admitir aos seguintes licitadores presentados de acordo coa seguinte cualificación/estado do licitador:

LICITADORES	CUALIFICACIÓN/ESTADO LICITADOR
ALFONSO MANUEL CASTRO MARTÍNEZ	ADMITIDO PROVISIONALMENTE
CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	CUMPRE/ADMITIDO
MAIS PORVIR XESTION SOCIAL, S.L.U.	ADMITIDO PROVISIONALMENTE
RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA S.L.	CUMPRE/ADMITIDO

Adoptados os anteriores acordos e non sendo posible continuar coas actuacións que corresponden a esta mesa de contratación ata que se atenda o requirimento ou transcorra o prazo outorgado aos licitadores, a presidencia propón dar por finalizada a sesión, sometida esta proposta a votación a mesma é adoptada por unanimidade dos membros presentes na mesa de contratación con dereito a voto.

E non sendo outro o obxecto da reunión, seguidamente redáctase a presente acta, dándose lectura á mesma ante os membros da Mesa de Contratación sen que se realice ningunha observación, polo que se autoriza esta con a firma da secretaría do órgano e o visto e prace da presidencia, dando esta última por finalizada a sesión.

V<sup>o</sup> e Prace,  
O PRESIDENTE,  
D. Sergio Caamaño Fernández

O SECRETARIO,  
D. Victorino Nión Carril